



# FIC ▶

SÁBADO 11  
CIDADE DAS TIC  
DE 10.00 A 11.00

## A REVOLUCIÓN DA IA NAS INDUSTRIAS CREATIVAS E DIXITAIS

CON  
CARLOS F. DE VIGO E  
PEPE COIRA

**Nesta conferencia analizarase a IA como unha oportunidade para o reposicionamento de profesionais e empresas, a través da disrupción que implica este novo paradigma tecnolóxico, unha visión abstracta que se concretará mediante a explicación e demostración do proxecto Emotional Films, dirixido polo relator Carlos F. de Vigo quen, a continuación, manterá unha conversa co guionista e produtor audiovisual Pepe Coira, sobre as implicacións e desafíos que plantexa a utilización da IA nas profesións creativas no ámbito do guión, a dirección e a realización audiovisual.**

**CARLOS F. DE VIGO.** Produtor, director e guionista de cinema e videoxogos, CEO dos estudos Dr.Platypus & Ms.Wombat, Director do Laboratorio especializado en Intelixencia Artificial aplicada ás Industrias Creativas Dixitais, "Professor Octopus I.A. Lab", Profesor no grado de enxeñaría da Universidade Pública de Navarra e membro das Academias de Cine Español e Catalán. Participou o en docenas de producións entre longametraxes, series de TV, curtametraxes e videoxogos. Á súa faceta como director de cine e de videoxogos, engádese o su traballo como Investigador. Deseñou e participou en máis dunha ducia de proxectos de I+D, con numerosas universidades e centros tecnolóxicos europeos. Algúns dos resultados foron aplicados en videoxogos, contidos para smartphones ou longametraxes de animación. Como director do Laboratorio "Professor Octopus" especializado en I.A. aplicada na industria audiovisual, destaca o deseño e dirección do disruptivo proxecto de I+D "EMOTIONAL FILMS", gañador dun dos premios do Congreso Science Ekaitza, que conta coa participación de máis de 40 investigadores e un presuposto de máis de 1'8 millóns de euros, co obxectivo de desenvolver unha tecnoloxía baseada na Intelixencia Artificial que permita ás producións adaptarse en tempo real ás emocións do espectador, entre outros datos contextuais do mesmo.

**PEPE COIRA.** Guionista e produtor. Creador das series Hierro e Rapa (esta última, en colaboración con Fran Araújo). Anteriormente participou en ficcións televisivas coma Luci, Hispania, As leis de Celavella, Terra de Miranda ou Mareas vivas. No xénero documental, traballou en series -Cos pes na terra, Deportes imposibles ou Hai que mollarse- e longametraxes -A viaxe de Leslie, Eloxio da distancia, Días de reparto, A Seara ou Beiras. Vivir2veces-, as dúas últimas tamén coma director. A evocación do film perdido Canto de emigración é o seu traballo máis recente.